

Á MESA DO PARLAMENTO

Juan Manuel Fajardo Recouso, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

O noso Grupo obtivo resposta, por chamarlle dalgunha forma, a súa pregunta nº 25466 sobre os verquidos realizados no Porto de Vilagarcía durante o mes de abril de 2014, onde se procedeu a verter sobre a lámina de auga do porto restos de construción mesturados a base de aglomerado asfáltico, formigón, plásticos e madeiras, feito que no seu día foi negado pola autoridade portuaria e a Consellería. Tal como recolle a resposta non so se mentiu á cidadanía, senón que existe unha denuncia do Seprosa sobre estes feitos, pero ademais a Consellería de Medio Ambiente iniciou un procedemento sancionador por estes feitos.

Polo tanto **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Comisión**:

En que situación está o expediente sancionador, que indicios de irregularidades ten observado a Consellería sobre os feitos denunciados, e de estar resolto o expediente en que sentido o foi?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2015.

Asdo.: Juan M. Fajardo Recouso
Deputado do G.P. da AGE.



Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 16/02/2015 17:49:22